

Concello de San Sadurniño

Expediente núm.: 26/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 18/01/2022

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL

Reunidos de xeito telemático o 30 de xaneiro de 2023, ás 13:00 horas, os integrantes do Tribunal calificador do proceso de selección de 1 praza de Traballador/a social, funcionario de carreira, que se constitúe para a resolución das alegacións e escritos presentados no prazo de tres días outorgados dende a publicación da acta de baremación de data 24 de xaneiro de 2023:

Cargo	Identidade
Presidente	Rubén González Rodríguez
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martínez
Vogal	Ignacio Crespo López
Vogal	Yolanda Martínez García
Vogal	Mario Antonio Lado Campelo

O Tribunal comeza o análise do escrito presentado por D. David Saavedra Pino con número de rexistro de entrada E-RE-70 de 25 de xaneiro de 2023 (reiterado como rexistro E-RE-71 da mesma data), no que reclama a remisión das gravacións autorizadas por acta de 13 de xaneiro de 2023 e solicita a suspensión do prazo de presentación de recurso de alzada por non terse remitido as mesmas no tempo que o reclamante considera prudencial.

Por parte da secretaria do tribunal, que tamén o é do Concello de San Sadurniño, infórmase ao Tribunal que os traballos técnicos de extracción e anonimización dos arquivos informáticos das gravacións da entrevista finalizaron o pasado xoves día 26 de xaneiro e, asimismo, informa ao Tribunal de que as mesmas foron trasladadas a D. David Saavedra mediante rexistro de saída número S-RE-65 de data 27 de xaneiro de 2023 e recepcionado polo interesado esta mesma mañá.

Porén, enténdese atendida a solicitude que se presenta, xa que conta coa documentación solicitada, e se acorda polos membros do tribunal non atender á solicitude de suspensión do prazo de presentación do recurso por carecer de competencia para elo e non estar previsto na normativa, sendo o artigo 122 da Lei 39/2015 taxativo en canto ao prazo de interposición do recurso de alzada.

Analízanse a continuación os escritos de alegacións presentados:

- Rexistro E-RE-72 de 25 de xaneiro de 2023, remitido por D. David Saavedra Pino
- Rexistro E-RE-74 de 26 de xaneiro de 2023, remitido por D. Oscar José Rodríguez López

Respecto do primeiro dos escritos reseñados, presentado por D. David Saavedra Pino, sinalar que,

Concello de San Sadurniño

sucintamente, solicítase o acceso a unha documentación concreta, cal é a acreditación da titulación esixida, tanto de idioma coma específica e a acreditación da experiencia alegada e de que en ditos desempeños existiu a identidade funcional alegada. Respecto desta cuestión, o Tribunal acorda remitir ao solicitante a documentación relacionada, debidamente censurados os datos de carácter persoal e con referencia a que se trata dun acceso a expediente polo carácter de interesado do solicitante, que non pode publicalos nin facilitalos a calquera outra persoa allea ao procedemento.

Polo que respecta ao desglose das puntuacións obtidas en cada fase de baremación, o Tribunal acorda facer pública a puntuación por ítems na presente acta, segundo se indicará ao final da mesma unha vez analizado o outro escrito de alegacións presentado, polo que puidera influir no seu caso. Neste senso, sinalar que non é posible outorgar un novo prazo de alegacións xa que o mesmo é preclusivo e non obsta para que poidan impugnarse ou recurrirse as decisións deste Tribunal nas subseguintes fases; ademáis, debe considerarse que sería un trato favorecedor a un aspirante en detrimento dos demais.

Respecto das alegacións presentadas por D. Oscar José Rodríguez López, no que se reclama a puntuación de 3,00 puntos no apartado de “titulacións” pola aportación da licenciatura en Ciencias do Traballo, este Tribunal manifesta que foi obxecto de plantexamento no seo deste órgano a programación e encuadre da titulación aportada, chegándose a conclusión de que non debía ser valorada a estes efectos pola tanxencialidade da mesma e carecer dunha vinculación directa coas funcións de traballador social. En concreto, as bases reguladoras do procedemento establecen que teranse en conta “as titulacións académicas diferentes da esixida para a praza e relacionadas coas funcións do posto de traballo”, o que implica unha vinculación directa entre a formación recibida e a súa aplicación directa no posto de traballo. Seguindo o razoamento do alegante, podería defenderse que case calquera titulación podería ter relación co posto de traballo, xa que ocasionalmente ou de xeito non previsible *a priori* poderían darse circunstancias para as que unha titulación fose útil nun momento dado. Pero ao entender deste Tribunal, a puntuación que outorgan as bases non se refire ao carácter útil ou de aportación a maiores dunha cuestión que poida estimarse un recurso máis para cuestións tanxenciais, senón que debe ser unha titulación cunha relación directa, indubitada e encaminada ás funcións ordinarias e predicables dun traballador social. Do programa de asignaturas da licenciatura de Ciencias do Traballo extráese a súa orientación a traballos de carácter administrativo ou xestor, a consideración dunha rama máis relativa ao mundo do dereito laboral, confección de nóminas, relación coas administracións implicadas na relación laboral que no elemento sustantivo que define o traballo social, que é o obxecto da convocatoria. Por tal motivo, desestímase a alegación presentada e mantense o baremo.

En consecuencia, e en relación ao sinalado respecto da solicitude de D. David Saavedra Pino, desglósanse por ítems as puntuacións acadadas por cada aspirante:

OSCAR JOSE RODRIGUEZ

A) Experiencia profesional

- Concello de menos de 5.000 habitantes: de 02/05/2017 a 01/05/2019; 24 meses a 0,50 puntos por mes acadados os 12 puntos máximos.

B) Titulacións

- presenta licenciatura en Ciencias do Traballo: 0,00

C) Formación

- Curso práctico de especialista en Seguridade Social. USC. 250 horas: 1,90 puntos

- Curso “Dereito e saúde: solucións xurídicas ante situacións conflitivas relacionadas coa saúde das persoas”. USC. 32 horas: 0,80 puntos

Concello de San Sadurniño

- Curso “Xustiza e igualdade social: a proteccion procesual dos colectivos sociais máis desfavorecidos”. USC. 20 horas: 0,80 puntos
 - “I xornadas municipais de prevención da drogodependencia”. Concello de Santiago. 11 horas: 0,40 puntos
 - Curso “Intervención social en caso de malos tratos a la infancia”. Ministerio de Derechos Sociales. 120 horas: 1,90 puntos
- Acada o máximo de 5,00 puntos

NATALIA DOVAL

A) Experiencia profesional:

- Entidade privada: de 02/11/2014 a 03/07/2020; 68 meses a 0,25 puntos son 17,00 puntos, sobrepasa o máximo de 12,00

B) Titulación:

Non aporta

C) Formación:

- Curso “Aplicaciones de la Ley 39/2006 de promoción personal y atención a las personas en situación de dependencia”. AFCAP-UE-CCOO. 130 horas: 1,90 puntos
 - Curso “Actuación e prevención da violencia de xénero para traballadores/as sociais da saúde”. COTSG-Xunta-Ministerio Igualdade. 60 horas: 0,80 puntos
 - Curso “Igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres: aplicación práctica en servicios sociales”. Instituto de la Mujer. 60 horas: 0,80 puntos
 - Curso “Los programas de intervención familiar desde los Servicios Sociales Básicos”. Ministerio Derechos Sociales. 120 horas: 1,90 puntos
- Acada o máximo de 5,00 puntos

LUCÍA SECO

A) Experiencia profesional:

- Concello de máis de 5.000 hab: de 30/11/2004 a 29/11/2005; 12 meses x 0,25 puntos= 3 puntos
 - Concello de máis de 5.000 hab: de 02/11/2006 a 01/08/2007, de 01/10/2007 a 30/06/2008, de 29/07/2008 a 31/10/2010, de 10/10/2011 a 09/04/2012, de 01/06/2012 a 30/01/2013, de 10/04/2018 a 13/01/2019, de 01/01/2020 a 31/01/2020, de 11/05/2021 a 10/11/2021 e de 01/12/2021 a 03/01/2022; 53 meses x 0,25 puntos= 13,25 puntos
- Acada o máximo de 12 puntos

B) Titulación:

Non aporta.

C) Formación:

- Curso “Inmigración: mediación intercultural”. Concello de Ferrol. 15 horas: 0,40 puntos
- Curso “Seminario de formación en igualdade de oportunidades”. Xunta. 30 horas: 0,80 puntos
- Curso “El manejo de situaciones conflictivas en la intervención en servicios sociales”. Ministerio de Asuntos Sociales. 20 horas: 0,80 puntos
- Curso “Mediación familiar y servicios sociales”. Ministerio de Asuntos Sociales. 20 horas: 0,80 puntos
- Curso “Intervención do traballador social na dependencia: Informe social e programa individual de atención (PIA)”. CODTS-Xunta. 20 horas: 0,80 puntos.
- Curso “¿Hacia donde vamos en la prevención de las drogodependencias?”. FEMP. 16 horas: 0,40 puntos
- Curso “Itinerario formativo Trabajo Social na velez 1 e 2”. COTSG. 24 horas: 0,80 puntos
- Curso “O equipo de traballo interdisciplinar na atención integral ás persoas maiores”. IGAM. 75 horas: 0,80 puntos
- Curso “Ayuda a domicilio”. Gobierno de Canarias. 225 horas: 1,90 puntos

Concello de San Sadurniño

Acada o máximo de 5,00 puntos

LORENA BOUZA

A) Experiencia profesional:

- Concello de menos 5.000 habitantes, de 13/10/2020 a 14/02/2022 (vida laboral): 15 meses x 0,50 puntos= 7,5 puntos

- Concello de menos 5.000 habitantes, de 11/03/2019 a 09/10/2020: 19 meses x 0,50 puntos= 9,5 puntos

Acada o máximo de 12 puntos

B) Titulación:

- Técnica superior en dietética: 0,00 puntos

- Técnica superior en estética: 0,00 puntos

C) Formación:

- Curso “Intervención psicosocial con familias en dificultad o en riesgo social”. Ministerio Bienestar Social. 120 horas: 1,90 puntos

- Curso “Sistema de información de usuarios de servicios sociales (SIUSS) v.5”. Ministerio de Bienestar Social. 120 horas: 1,90 puntos

- Curso “El papel de los servicios sociales de atención primaria ante la violencia de género”. Ministerio de Derechos Sociales. 120 horas: 1,90 puntos

Acada o máximo de 5 puntos

DAVID SAAVEDRA

A) Experiencia profesional:

- Concello de menos 5.000 hab: de 01/03/2019 a 04/05/2022 (vida laboral), 26 meses x 0,50 puntos = 13 puntos

- Acada os 12 puntos máximos

B) Titulacións:

- alega a propia titulación de acceso: 0,00 puntos

C) Formación:

- Curso “atención en situaciones de emergencia social”. Ministerio de Política Social. 120 horas: 1,90 puntos

- Curso “intervención psicosocial con familias en dificultade ou risco social”. Deputación de A Coruña. 40 horas: 0,80 puntos

- Curso “los programas de intervención familiar desde los Servicios Sociales Básicos”. Ministerio de Derechos Sociales. 120 horas: 1,90 puntos

- Curso “Persoas sen fogar e feminización da pobreza”. COTSG-Xunta. 50 horas: 0,80 puntos

Acada o máximo de 5,00 puntos

En conclusión, á vista das alegacións presentadas e do resultado do proceso selectivo, este Tribunal

RESOLVE

PRIMEIRO. Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polos motivos que figuran na presente acta.

SEGUNDO. Trasladar a D. David Saavedra Pino a documentación solicitada no seu escrito de data 25 de xaneiro de 2023

Concello de San Sadurniño

TERCEIRO. Proponer á Alcaldía o nomeamento do aspirante con maior puntuación, que se detalla:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
Natalia Doval Alvarez	***6328*-*	74,35

CUARTO. Determinar, asimesmo, os restantes aspirantes aprobados por orde de puntuación obtida:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
David Saavedra Pino	***6738*-*	73,00
Lorena Bouza Piñón	***1730*-*	71,50
Oscar José Rodríguez López	***4171*-*	70,85
Lucía Seco Seco	***0221*-*	68,35

QUINTO. Remitir á Alcaldía desta Corporación co obxecto de que emita resolución co resultado do proceso, requirindo ao proposto para o nomeamento a documentación xustificativa das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos na convocatoria.

E sendo as 15:40 horas da data sinalada, o Sr. Presidente da por finalizada a sesión

O presidente,
Rubén González Rodríguez

A secretaria,
Olalla Alvarez de Neyra Martinez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE